



Asunto: Consulta para persoal da DX Defensa do Monte e da DX Planificación e Ordenación Forestal

Mediante o *Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia*, reforzáronse, entre outros ámbitos, o de planificación e ordenación forestal, así como o relativo á prevención e extinción de incendios forestais dentro da Consellería do Medio Rural, mediante a separación da Dirección Xeral de Ordenación Forestal en dous centros directivos, a Dirección Xeral de Defensa do Monte e a Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal.

Actualmente, estes dous centros encárganse, respectivamente, do exercicio das competencias inherentes ás medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais e a vixilancia de incumprimentos nese ámbito (Dirección Xeral de Defensa do Monte), e do exercicio das competencias inherentes á política forestal, desenvolvendo as medidas relacionadas coa planificación, ordenación, fomento, mellora da produción e conservación dos recursos forestais (Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal).

Como consecuencia da separación indicada, cómpre modificar a Relación de Postos de Traballo da Consellería do Medio Rural, co fin de separar o exercicio das funcións inherentes ás competencias relativas á prevención e defensa contra os incendios forestais, e á planificación e ordenación forestal, e mellorar así a eficiencia na prestación dos servizos públicos nos dous centros directivos. A actualización da Relación de Postos de Traballo debe levar asociada a asignación dos postos adscritos á extinta Dirección Xeral de Ordenación Forestal ao centro directivo que corresponda, de acordo coas funcións que cada persoa empregada pública vaia desempeñar no centro directivo ao que estea adscrito.

De forma concreta, cómpre realizar a indicada asignación para o caso dos postos correspondentes ao corpo facultativo superior de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala de enxeñaría, especialidade de enxeñaría de montes; ao corpo facultativo de grao medio de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A2, escala de enxeñeiros técnicos, especialidade de enxeñaría técnica forestal; e ao corpo de axudantes de carácter facultativo, escala de axentes facultativos ambientais.

Unha vez se actualice a Relación de Postos de Traballo da Consellería do Medio Rural, os ditos postos quedarán adscritos ben á Dirección Xeral de Defensa do Monte, ou ben á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, de acordo coas funcións que se vaian desempeñar. Ademais, a propia evolución das necesidades en relación á prevención e extinción de incendios forestais, e á planificación e ordenación forestal, aconsellan analizar as necesidades de modificación do ámbito territorial asignado a algún dos postos de traballo indicados anteriormente para, de ser o caso, propoñer a modificación que corresponda, en aras da mellora na prestación dos servizos públicos.

Polo exposto, desde a Consellería do Medio Rural estase a avaliar a posibilidade de

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

Edificio Administrativo San Caetano nº 4

15781 Santiago de Compostela

T: 981 544 718

sxt.medio-rural@xunta.gal

mediorural.xunta.gal



aprobación dun Plan de Ordenación de Recursos Humanos, derivado da separación da Dirección Xeral de Ordenación Forestal na Dirección Xeral de Defensa do Monte e na Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, para os corpos anteriormente indicados.

No marco da dita análise, e co fin de ter en conta as preferencias das persoas empregadas públicas, considérase preciso facer unha consulta ao persoal dos tres corpos indicados, en relación ás súas preferencias para desenvolver as funcións relativas á prevención e defensa contra os incendios forestais (na Dirección xeral de Defensa do Monte) ou ben as relativas planificación e ordenación forestal (na Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal), de acordo coas condicións de traballo correspondentes ao exercicio destas funcións, en cada un dos centros directivos. Adicionalmente, e dada a posible necesidade de modificar o ámbito territorial dalgúns dos postos de traballo, considérase axeitado incluír na consulta a información sobre a posibilidade de modificación do ámbito territorial do posto de traballo que actualmente se está a ocupar, para, de ser necesario, ter en conta as preferencias das persoas traballadoras que voluntariamente puidesen estar interesadas en aceptar a dita modificación.

Esta consulta debe entenderse como voluntaria, e as respostas recollidas non terán carácter vinculante nin para a persoa traballadora nin para a Consellería do Medio Rural, senón que unicamente se utilizarán para a formulación da primeira versión da proposta do indicado Plan de Ordenación de Recursos Humanos que, en todo caso, será tramitado de acordo cos procedementos establecidos na normativa de aplicación, e negociado coas persoas traballadoras a través dos seus representantes.

En consecuencia, xúntase a este oficio o cuestionario indicado, solicitándolle que nolo remita debidamente cuberto no prazo máximo de dez días, a contar desde o día seguinte á súa recepción. Se ten calquera dúbida sobre a forma de cubri-lo ou sobre calquera cuestión relacionada con esta consulta, pode chamar ao teléfono **XXX-XXXXXX**.

Agradecéndolle a súa colaboración, reciba un cordial saúdo.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

O XXXXXXXX XXXXX XXXXX

XXXXXX XXXXX XXXXX



CONDICIÓN PROPOSTAS

POSTOS DE TRABALLO QUE SE MANTEÑAN ADSCRITOS Á DIRECCIÓN XERAL DE DEFENSA DO MONTE

FUNCÍONS

As propias da escala á que pertencen, en relación ao exercicio das competencias propias da indicada dirección xeral, é dicir, o exercicio das competencias inherentes ás medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais e a vixilancia de incumprimentos, e, en particular:

- a) A coordinación de todas as administracións públicas con competencias en materia de prevención de incendios, garantindo o cumprimento das respectivas obrigas legais.
- b) A avaliación da distribución de competencias vixente e, de ser o caso, propoñer as modificacións que resulten precisas para o axeitado cumprimento das medidas necesarias.
- c) A prestación de colaboración e asesoramento estable aos concellos para o cumprimento das súas obrigas e homoxeneizar os procedementos e actuacións por eles desenvolvidos.
- d) O aseguramento do cumprimento das medidas de prevención contra os incendios forestais recollidas na lexislación vixente e a tramitación dos expedientes sancionadores derivados deses incumprimentos.
- e) A planificación das medidas de prevención de incendios e o seu desenvolvemento, impulsando a realización das tarefas encomendadas ás administracións competentes.
- f) A dirección dos equipos de vixilancia que se ocuparán de velar polo cumprimento das medidas de prevención de incendios forestais e, en especial, no que se refire ás obrigas relativas ás replantacións e ás distancias mínimas legalmente establecidas.
- g) O desenvolvemento do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais dentro de cada Plan de ordenación dos recursos forestais de distrito.
- h) O impulso, comprobación e existencia da elaboración dos Plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais.
- i) O mantemento da orientación aos concellos de ámbito rural co fin de que leven a cabo tarefas de silvicultura, limpeza dos montes e outras tarefas de valorización forestal dentro das medidas de prevención dos incendios forestais.
- j) A coordinación do programa de queimas controladas nos distritos forestais fóra do período de máximo risco a fin de reducir o combustible acumulado no monte, e en colaboración coas poboacións das zonas afectadas, e previa fixación polo miúdo das normas técnicas e funcionais para a súa realización.
- k) A dirección e coordinación das actuacións relativas á investigación dos incendios fo-



restais, a través da unidade encargada desta materia.

l) A tramitación dos procedementos de reintegro e de perda do dereito ao cobramento de subvencións.

m) A execución das sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes ditadas sobre as resolucións da súa competencia.

En relación coas actuacións comprendidas dentro destes ámbitos competenciais, supervisará e inspeccionará os proxectos de obras e a súa execución material, tanto nos supostos de adxudicación como nos de execución pola Administración.

HORARIO DE TRABALLO: Non experimentarán variación derivada desta separación.

CONDICIÓNS RETRIBUTIVAS: Non experimentarán variación derivada desta separación.

Nivel 25: Complemento específico: 19.5880,94 € - Produtividade: 1.597,29 €

Nivel 26: Complemento específico: 21.217,14 € - Produtividade: 6.103,90 €

- O importe das retribucións básicas e o complemento de destinos son os xerais da Xunta de Galicia

ÁMBITO TERRITORIAL DE DESENVOLVEMENTO DAS FUNCIÓNS: Non experimentarán variación derivada desta separación.

LOCALIDADE DO POSTO DE TRABALLO: De forma xeral, as prazas con titular en propiedade non experimentarán variación da súa localidade, derivada desta separación, agás movementos puntuais que poidan xurdir que sexan derivados das necesidades da dirección xeral, para o que se terán en conta as preferencias das persoas traballadoras.

POSTOS DE TRABALLO QUE PASEN A ESTAR ADSCRITOS Á DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORDENACIÓN FORESTAL

FUNCIÓNS

As propias da escala á que pertencen, en relación ao o exercicio das competencias inherentes á política forestal, desenvolvendo as medidas relacionadas coa planificación, ordenación, fomento, mellora da produción e conservación dos recursos forestais. De tal xeito, como Administración ou órgano forestal, no ámbito das súas competencias, ten as seguintes funcións:

a) O impulso da xestión forestal activa e multifuncional do monte galego, cumprindo cos criterios de sustentabilidade, mediante o fomento, segundo a lexislación vixente, da redacción dos instrumentos de planificación, de ordenación e de xestión forestal e o seu seguimento e control, e a actuación coordinada coa Axencia Galega da Industria Forestal no impulso da actividade económica asociada ao sector forestal.

b) O fomento da agrupación e o asociacionismo forestal e desenvolver a figura da silvicultura activa. O apoio á xestión forestal sustentable e a silvicultura, para garantir a obtención das diferentes producións forestais en cantidade e calidade, co fin de for-



necer a importancia da contribución do sector forestal galego á bioeconomía e á xeración de emprego sustentable, dun xeito especial, no medio rural.

c) Velar polo coñecemento do medio forestal, baseado nunha información estatística actualizada, e promover a divulgación da cultura forestal.

d) Garantir que o aproveitamento dos recursos forestais cumpra coa lexislación vixente, a través de procedementos administrativos apoiados na Administración electrónica e na coordinación con outras administracións sectoriais, e facilitar deste xeito a mobilización, comercialización e transformación dos diferentes produtos forestais.

e) O desenvolvemento, dentro das súas competencias, das medidas que se consideren oportunas para garantir a protección dos bosques das ameazas bióticas e abióticas, empregando métodos de loita integrada contra as pragas e enfermidades e impulsar a silvicultura como ferramenta básica preventiva para mellora do estado fitosanitario das masas forestais.

f) O establecemento de medidas activas para a contribución dos bosques e das súas producións forestais á mitigación do cambio climático e favorecer accións e medidas para mellorar a resiliencia dos bosques galegos.

g) A promoción de accións cara a un marco social cooperante coa xestión forestal sustentable que implique o recoñecemento da importancia do traballo dos propietarios e xestores forestais e a súa achega á conservación dos ecosistemas forestais.

h) O control e certificación de sementes, materiais forestais de reprodución e producións forestais. Favorecer a produción de materiais forestais de reprodución de categorías superiores e nas cantidades necesarias para obter produtos de alta calidade.

i) A coordinación, tramitación e apoio do Consello Forestal de Galicia.

j) A tramitación dos procedementos de reintegro e de perda do dereito ao cobramento de subvencións.

k) A execución de sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes recaídas sobre resolucións da súa competencia.

En relación coas actuacións comprendidas dentro destes ámbitos competenciais, supervisará e inspeccionará os proxectos de obras e a súa execución material, tanto nos supostos de adjudicación como nos de execución pola Administración.

HORARIO DE TRABAJO E CONDICIÓN RETRIBUTIVAS

TÉCNICOS/AS:

O horario de traballo corresponderá á xornada laboral ordinaria da Administración xeral da Comunidade Autónoma.

En relación ás condicións retributivas, as prazas que se pasen á Dirección xeral de Planificación e Ordenación Forestal crearanse, en xeral, no mesmo nivel que o da pra-



za de orixe. O complemento específico será o mesmo que corresponda ao nivel das prazas da Xunta de Galicia que non estean afectadas por acordos específicos, é dicir:

Nivel 25: Complemento específico: 13.678,98 € - Produtividade: 0 €

Nivel 26: Complemento específico: 15.307,32 € - Produtividade: 0 €

- O importe das retribucións básicas e o complemento de destinos son os xerais da Xunta de Galicia

AXENTES:

O horario de traballo distribuiríase en quendas de mañá, tarde ou partidas en función das necesidades do servizo. Por parte dos correspondentes servizos provinciais realízaranse as correspondentes carteleiras.

De forma xeral, as prazas que se pasen á Dirección xeral de Planificación e Ordenación Forestal crearanse no mesmo nivel que o da praza de orixe, manténdose o complemento específico diferencial recollido no acordo de condicións específicas aplicable a este persoal.

ÁMBITO TERRITORIAL DE DESENVOLVEMENTO DAS FUNCIÓNS:

TÉCNICOS/AS: Ámbito provincial.

AXENTES: Ámbito do distrito forestal.

LOCALIDADE DO POSTO DE TRABALLO: De forma xeral, as prazas con titular en propiedade non experimentarán variación da súa localidade, derivada desta separación, agás movementos puntuais que poidan xurdir que sexan derivados das necesidades da dirección xeral, para o que se terán en conta as preferencias das persoas traballadoras.



NOME: _____

NIF: _____

CORPO AO QUE PERTENCE ACTUALMENTE

- Corpo facultativo superior de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala de enxeñaría, especialidade de enxeñaría de montes
- Corpo facultativo de grao medio de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A2, escala de enxeñeiros técnicos, especialidade de enxeñaría técnica forestal
- Corpo facultativo superior de axudantes de carácter facultativo, escala de axentes facultativos ambientais

SITUACIÓN ACTUAL

POSTO DE TRABALLO DO QUE OCUPA ACTUALMENTE: MR – C99 - __ - ___ - _____ - ____

LOCALIDADE DO CENTRO DE DESTINO: _____

PREFERENCIAS

(NOTA IMPORTANTE Os datos aquí consignados non terán en ningún caso carácter vinculante nin para a persoa traballadora nin para o Consellería do Medio Rural, e unicamente se terán en conta a efectos da elaboración da proposta do Plan de Ordenación de Recursos Humanos, derivado da separación da Dirección Xeral de Ordenación Forestal na Dirección Xeral de Defensa do Monte e na Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal)

PREFERENCIA EN CANTO ÁS FUNCIÓNS A DESENVOLVER

- Funcións propias do corpo ao que pertenzo, en relación á prevención e extinción de incendios forestais, adscrito á Dirección xeral de Defensa do Monte.
- Funcións propias do corpo ao que pertenzo, en relación á planificación e ordenación forestal, adscrito á Dirección xeral de Planificación e Ordenación Forestal.

PREFERENCIA EN CANTO Á LOCALIDADE DE ADSCRICIÓN DO POSTO DE TRABALLO

- Sen intención de modificar a localidade de adscrición o posto de traballo que desempeño.
- Podería estar disposto a modificar a localidade de adscrición do posto de traballo que desempeño. Neste caso, indicar:

Preferencia de nova localidade: _____

